

CONVENIO DE COOPERACIÓN EDUCATIVA ENTRE A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS DE ALUMNADO DO CURSO DE POSGRAO PROPIO CEU EN XESTIÓN E INNOVACIÓN CULTURAL FM5F

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora Xerente da Fundación Cidade da Cultura de Galicia, **DECLARA:**

Que esta Fundación Cidade da Cultura de Galicia formalizou o 20 de xullo de 2023 coa **UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA** o instrumento convencional arriba referido por unha duración prevista ata o 30 de setembro de 2023

Que o instrumento convencional ten por obxecto regular os termos nos que se desenvolverán as prácticas do alumnado do Curso de Experto Universitario en Xestión e Innovación Cultural código FM5F, edición sétima

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

Que a **Fundación Cidade da Cultura de Galicia** foi constituída o 27 de decembro de 1999, como “*organización de natureza fundacional, de interese galego, sen ánimo de lucro, cun patrimonio afecto de xeito duradeiro á realización dos fins de interese xeral propios da Institución*”. Constitúe o obxecto da Fundación Cidade da Cultura de Galicia a *creación, explotación e promoción de áreas ou centros de conservación, produción, exhibición e consumo cultural, comunicativo e tecnolóxico que constitúa un espazo multifuncional, multidisciplinar e aglutinador propicio para a interacción cultural*.

Segundo o artigo 7 dos seus estatutos, para a consecución dos fins mencionados no parágrafo anterior, a Fundación pode realizar seguintes actividades:

“a) *As necesarias para converterse nun actor clave na difusión cultural, que serva de punto de encontro entre os cidadáns e a cultura.*



- b) *As que contribúan a desempeñar un papel destacado no proceso de enriquecemento/aprendizaxe cultural da cidadanía, con especial énfase na adopción e uso das novas tecnoloxías.*
- c) *As tendentes a propiciar o achegamento da Cidade da Cultura de Galicia dun xeito físico á cidadanía, servindo como espazo de desenvolvemento de actividades non estritamente culturais, con especial énfase no lecer, o contacto coa natureza e o deporte.*
- d) *Cantas dinamicen o sistema cultural galego, promovendo a difusión e conservación da nosa cultura, e a formación dunha comunidade artística vibrante, atendendo tanto a autores de referencia como a novos talentos ou a cultura de base.*
- e) *As que fomenten a interrelación e os proxectos en conxunto entre axentes de distintos ámbitos das industrias culturais e creativas, con especial énfase na cooperación interrexional e a colaboración pública e privada.*
- f) *As axeitadas para posicionar o Gaiás como referente internacional de reflexión, debate e formación no ámbito da innovación na xestión cultural, que contribúa á profesionalización dos diferentes axentes e das súas iniciativas.*
- g) *As que impulsen o Emprendemento empresarial no ámbito das industrias culturais e creativas, con especial énfase en proxectos que favorezan a innovación, tanto tecnolóxica como non tecnolóxica, e a súa transferencia aos sectores máis maduros do tecido produtivo, servindo como plataforma de desenvolvemento e promoción da marca país Galicia.*
- h) *As actividades e accións que contribúan a converter á Cidade da Cultura de Galicia nun proxecto economicamente sostible e socialmente rendible, incorporando novos socios estratéxicos, tanto públicos como privados, e diversificando as fontes de financiamento para acadar a sustentabilidade do proxecto con independencia do ciclo económico.”*

A Fundación Cidade da Cultura de Galicia se concibe como unha plataforma de proxectos para o desenvolvemento da cultura e da sociedade galega; crea oportunidades e dinamiza o conxunto do sistema cultural galego a través do impulso e a proxección cultural no seu sentido amplo, innovador e internacional.

A Fundación pertence ao sector público da Comunidade Autónoma de Galicia, e como tal está incluída no ámbito de aplicación da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e



funcionamento da a Administración xeral e do sector público, de acordo co previsto no artigo 45 desta lei.

Pola súa parte, a **Universidade de Santiago de Compostela** é unha institución pública de ensino superior e investigación dotada de autonomía, plena personalidade xurídica e patrimonio propio que está constituída polos campus de Santiago de Compostela e Lugo e que asume e desenvolve as súas funcións como servizo público esencial á comunidade mediante o estudo, a docencia, a investigación e a transferencia do coñecemento.

A Universidade de Santiago de Compostela quere ser recoñecida como unha universidade de prestixio, academicamente solvente e con excelencia investigadora, ao servizo do desenvolvemento económico, social e cultural da sociedade galega, exemplar na xestión dos seus recursos e participada democraticamente polos membros da súa comunidade ao redor dun proxecto universitario

Máis de cincocentos anos de historia construíron unha identidade propia da USC ao redor da liberdade, a igualdade, a xustiza, o pluralismo, a sustentabilidade e o compromiso ético como valores inspiradores da vida universitaria. Valores estes que fan da USC unha institución da sociedade galega comprometida co desenvolvemento sostible, confiable por estar gobernada con transparencia e responsabilidade social e que fai súa unha decidida defensa da igualdade entre mulleres e homes, garantindo a súa participación igualitaria na toma de decisións. Estes valores e principios concrétanse no compromiso institucional da USC

Ambas institucións conveñen realizar un proxecto educativo conxunto có obxectivo de que a través das prácticas o alumnado aplique e complemente os coñecementos adquiridos na súa formación académica, favorecendo a adquisición de competencias que o preparen para o exercicio de actividades profesionais, faciliten a súa empregabilidade e fomenten a súa capacidade de emprendemento



Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

Ana Isabel Vázquez Reboredo

Directora Xerente

Fundación Cidade da Cultura de Galicia

